



Asunto: Liquidación Orzamento 2020

Grupo de consolidación formado por:

Concello de Vigo como entidade Matriz ,

Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo,

Fundación MARCO,

Fundación Convention Bureau,

Fundación FAIMEVI.

Competencia para a súa aprobación: Alcaldía-Presidencia

Normativa:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orzamentario (R.P.), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (B.O.E. número 101, de 27 de abril.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.
- Resolucións da Alcaldía-Presidencia de Delegación de Competencias de 18 e 26 de xuño de 2019.





PROPOSTA

O orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pagamento de obrigas ao 31 de decembro de cada ano, e porá de manifesto:

- Respecto do Estado de Gastos do Orzamento, e para cada aplicación orzamentaria:

Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagamentos realizados e os saldos acredores pendentes e pago.

- Respecto do Estado de Ingresos do Orzamento Corrente, e para cada un dos conceptos:

As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados, os ingresos recadados netos e os saldos debedores pendentes de cobro.

- Respecto das operacións do Orzamento pechado, para os ingresos:

As modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recadación e pendente de cobro. En canto ás obrigas, o saldo inicial, as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.

Como consecuencia da liquidación, e de acordo co previsto nos artigos 191.2 do TRLRFL e 93.2 do Regulamento Orzamentario, teñen que quedar determinados, polo seu carácter obrigatorio as seguintes magnitudes:

- ✓ Resultado Orzamentario.
- ✓ Remanente de Tesourería.
- ✓ Remanentes de crédito.
- ✓ Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, do orzamento corrente e pechados.

A Liquidación do Orzamento do ano 2020, está condicionada polos efectos da pandemia ocasionada pola COVID 19, no que en aplicación do previsto no apartado 4 dá Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, quedaron en suspenso os procedementos de contratación, agás aqueles expedientes que tivesen como finalidade acometer actuacións asociadas aos efectos da pandemia. Esta suspensión estivo vixente até o 7 de maio, data na que entra en vigor o Real Decreto Lei 17/2020, de 5 de maio, no que se levanta a suspensión dos procedementos de contratación pública suspendidos coa declaración do estado de alarma.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 176/143

A suspensión dos procedementos de contratación, a propia suspensión da actividade económica e de todos os procedementos de xestión e recadación de tributos, xerou unha situación inédita, polo que, a Liquidación do Orzamento do ano 2020, reflicte esa anormalidade, na que os programas de gasto onde se produce un aumento importante de gasto son aqueles máis vinculados aos efectos da pandemia, uns por estar afectados a garantir que ningunha persoa quede sen protección, ese é o caso da política de gasto 23 (servizos sociais e promoción social), na que o incremento do gasto no capítulo 2 e dun 15%, e no capítulo 4, programas de axudas de emerxencia, o incremento é similar.

O incremento é notorio tamén nas políticas Seguridade e Mobilidade cidadá (política 13), Benestar comunitario (política 16), na política de medio ambiente (17), onde están os programas de desinfección e control de aforos en parques infantís, o programa de control nas praias, a política educativa (32), cos gastos extraordinarios en limpeza e desinfección extraordinarias.

En resume, as políticas de gastos máis vinculadas á pandemia tiveron un incremento de gasto, mentres que as restantes, non tiveron preferencia na súa execución, polo que, os seus remanentes serán incorporados ao orzamento do ano 2021, xa que na maioría dos casos, ao remate do ano os expedientes de contratación estaban en licitación ao remate do ano.

Outra situación que ten causa na pandemia, foi o acordo adoptado polo Goberno da Nación na sesión do Consellos de Ministros de data 6 de outubro, de deixar en suspenso o cumprimento da senda de estabilidade vixente e abrir a posibilidade da utilización do Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais, non computando os empregos nos anos 202/2021. Esta medida de suspensión das regras de disciplina orzamentaria para o período 2020 e 2021 foi ratificada polo Congreso dos Deputados o 20 de outubro de 2020.

Aínda nesa circunstancia, o Goberno fixou unhas taxas de déficit de referencia que sirvan como orientación e guía, fixando unha previsión de déficit do 11,3% para o ano 2020 e do 7,7% para 2021, co seguinte reparto para o ano 2021:

- O déficit da Administración Xeral do Estado será do 5,2% (xa que asume o custo dos 31.882 millóns das transferencias á Seguridade Social e comunidades autónomas),
- as comunidades autónomas do 1,1%,
- a Seguridade Social, do 1,3%,

as entidades locais terán un déficit de referencia aproximado do 0,1% e tamén poderán facer uso dos seus remanentes de tesouraría este ano e o que vén, grazas á suspensión das regras fiscais.

A situación extraordinaria do no ano 2020, está a repetirse no ano 2021, non hai marxe para unha programación e planificación ao uso, peches de instalacións, limitacións de aforos, limitacións nos propios programas de execución de obras, o cumprimento en xeral coa normativa estatal e autonómica, obrigan a que toda a xestión teña un carácter extraordinario, o resultado é que planificación orzamentaria estea condicionada pola pandemia e o cumprimento das normas vinculadas á mesma.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 176/143

Consecuencia da Liquidación do Orzamento do ano 2020, o Orzamento do ano 2021, vai a ser obxecto no mes de febreiro dunha modificación orzamentaria pola incorporación de remanentes, incorporaranse ao mesmo, todo os investimentos, que estando en trámite, outros en execución, non foron rematados no ano 2020 pola situación extraordinaria xerada pola pandemia da COVID 19.

Tamén hai que facer referencia ao acordo do Pleno da Corporación correspondente á sesión do 16 de decembro do 2020, no que se aprobou a modificación de créditos, Crédito Extraordinario, nº 63/2020, expediente 680/441, por unha contía de 33.000.000,00 euros, para acometer un plan de investimentos financiado con Remanente Líquido de Tesourería, créditos que se teñen que incorporar ao Orzamento do ano 2021, cuestión esta xa prevista no propio acordo. A xustificación de que se tramitase e aprobase a modificación orzamentaria no ano 2020, era a de poder iniciar os procedementos de contratación dos proxectos reflectidos no expediente sen ter que esperar a aprobación da Liquidación do ano 2020.

En consecuencia co anterior, o Orzamento do ano 2021, será incrementado con 60.187.100,35 euros, que se corresponde cos créditos que reflicte o expediente 680/441 máis todos os proxectos que están en fase de execución, atrasados polos efectos da pandemia e outros en fase de compromiso. O que resulta evidente, que os investimentos que tiveron atrasos na súa execución no ano 2020, con causa na suspensión dos procedementos de contratación e nas demais limitacións impostas, van a ser executados no ano 2021.

Si avaliamos o expediente de incorporación de remanentes do ano 2020 por unha contía de 17.958.865,56 euros fronte o do ano 2021, avaliado nunha contía de 60.187.100,35 euros, explica a variación do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais do ano 2021, que unha vez que se financie a incorporación de remanentes, quedará reducido a 59.954.754,53 euros , tendo en conta o financiamento a cargo do exceso de financiamento afectado.

Os empregos extraordinarios xerados pola incorporación de remanentes, non computarán aos efectos das variables fiscais, por estar en suspenso o pacto de estabilidade e crecemento, en consecuencia do mesmo, tamén quedou suspendida a senda de estabilidade e de disciplina fiscal para o período 2020-2021.

En canto ao cumprimento do Obxectivo de Estabilidade e Regra de Gasto, sen prexuízo dos informes que se emitan, en aplicación dos acordos vixentes, non serán obxecto de cumprimento nos anos 2020 e 2021, aínda que si, de seguimento.

De acordo ao informe emitido polo Sr. Interventor Xeral Municipal á Liquidación do Orzamento da Entidade Local, o seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI que forman parte do perímetro de consolidación, sométese o expediente da Liquidación do Orzamento do ano 2020 á aprobación dá Alcaldía-Presidencia, tal e como o preceptúa o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 90.1 do Regulamento Orzamentario, aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, das que se reflicten as seguintes magnitudes de interese:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2021 11:19	Páxina 4 de 8
Expediente 176/143	CSV: 26E289-DCB455-44CDE6-MJQF2Q-LA6Q52-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



a) Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade e consolidado dos Entes con orzamento limitativo

Entidade			Estados Consolidados		
Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario	Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario
2019	2020	2020	2019	2020	2020
92.057.012,48	119.938.165,10	46.094.514,36	99.902.443,49	126.062.314,03	46.930.094,47

b) Tesourería

Entidade	Consolidada, entes do grupo con orzamentos limitativo
117.055.890,04	131.279.147,84

c) Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo

Concepto	Entidade	Consolidado
Saldo inicial	81.573.913,47	95.189.138,04
Cobros Orzamentarios corrente e pechados	257.506.669,03	259.564.361,71
Pagos Orzamentarios corrente e pechados	-225.582.747,25	-227.245.569,42
Cobros non Orzamentarios	59.176.778,27	61.902.661,14
Pagos non Orzamentarios	-57.616.817,88	-60.220.601,07
Ingresos pendentes de aplicación	1.998.094,40	2.089.157,44
Variación neta	35.481.976,57	36.090.009,80
Saldo final	117.055.890,04	131.279.147,84

d) Aforro Neto dos entes con orzamento limitativo

Entidade	Consolidado
47.499.513,10	48.912.360,84





e) Período medio de pago mensual do grupo

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2020												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	16,73	11,85	11,22	8,96	12,33	8,16	7,12	8,86	9,66	9,98	9,75	7,04
FAIMEVI	216,88	254,92	299,61	330,62	360,36	390,24	421,11	451,98	481,85	512,72	542,59	573,45
MARCO	88,77	76,78	31,26	45,09	67,79	77,97	74,44	78,79	94,65	72,87	59,98	48,79
XMU	18,76	6,27	12,25	10,02	16,40	9,93	7,71	16,02	10,47	6,98	7,49	9,89
V. C.BUR.	,00	24,00	24,00	10,44	13,91	19,73	17,72	10,93	17,62	18,07	6,83	9,04
PMP Global	17,60	13,08	11,63	9,69	13,42	9,73	8,25	10,57	11,43	11,33	10,82	7,49

f) Variables fiscais do grupo

INSTITUCIÓN	Ingreso N.Financ.	Gasto N. Financiero	Axustes INTERNOS	Axust.C Nacional	Capacidade/Nec
ENTIDADE	245.426.825,69	219.756.945,16	-101.664,52	3.475.290,54	29.043.506,55
XERENCIA.M DE URBANISMO	7.772.037,64	7.514.030,65	0,00	0,00	258.006,99
MARCO	952.876,24	998.892,54	0,00	0,00	-46.016,30
CONVENTION BUREAU	459.400,00	360.932,33	0,00	0,00	98.467,67
FAIMEVI	21.030,52	10.719,74	0,00		10.310,78
TOTAL	254.632.170,09	228.641.520,42	-101.664,52	3.475.290,54	29.364.275,69

Entidade	G.Liq.2019		A/D(art.12.4) Pto.2020		G.Liq. 2020		G.C Liqui. 2020 (8)	G.Legal-G.Real
	(1)	(2) = (1) * (1+TRCPB)	(3)	G/ IFS (4)	Limite Reg. Gasto (5)=(2)+(3)+(4)	(6)		
F. Marco	829.222,49	829.222,49	,00	,00	829.222,49	996.709,51	996.709,51	-167.487,02
Concello de Vigo	212.134.714,44	212.134.714,44	463.254,73	1.125.251,96	212.597.969,17	219.756.945,16	200.143.042,60	12.454.926,57
O. Aut. M.xerencia M. Urbanismo	5.242.559,75	5.242.559,75	,00	,00	5.242.559,75	7.514.030,65	6.334.337,05	-1.091.777,30
FAIMEVI	10.061,29	10.061,29			10.061,29	10.719,74	10.719,74	-658,45
CONVENTION BUREAU	454.217,78	454.217,78			454.217,78	360.932,33	360.932,33	93.285,45
Total gasto computable	218.670.775,75	218.670.775,75	463.254,73	1.125.251,96	219.134.030,48	228.639.337,39	207.845.741,23	11.288.289,25

h) Endebedamento grupo

% Endebedamento = (Débeda financeira bancaria pendente de amortizar / Dereitos Liquidados por operacións correntes do estados consolidados)*100.

En relación co endebedamento, a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no seu artigo 13 establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que se estableza en relación co PIB. Para os anos 2020-2021, están suspendidas o cumprimento das variables fiscais.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 176/143

Non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, polo resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013.

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes: 251.983,660,73 euros

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2020: 0 euros.

Débeda a curto prazo da Fundación MARCO 67.745,70 euros, que non computa no endebedamento por ser de curto prazo.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2020, 0%.

Conclusiones

Durante o exercicio 2020, da información mensual que se achega dos entes que conforman o perímetro de consolidación, deuse cumprimento ao PMP, resultando unha media para o grupo de 11,25 días, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.

Se o cálculo para o Concello faise seguindo a metodoloxía da Instrución de Contabilidade, excluindo aos demais entes do grupo, o PMP anual é de 9,44 días

Hai cumprimento dentro das sendas previstas, dos obxectivos fiscais.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do TRLRFL.

Hai Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais positivo.

Hai Resultado Orzamentario positivo.

Non hai endebedamento con ningunha entidade financeira.

Os Remanentes de crédito que cumpran os requisitos legais regulamentados no artigo 182 do Real Decreto Legislativo 2/2004, serán obxecto de incorporacións de crédito ao orzamento do ano 2021, para o que se tramitará o preceptivo expediente de modificación orzamentaria con suxeición ao previsto no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 176/143

Da Liquidación do Orzamento do grupo de consolidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre en cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL.

Así mesmo, en execución do previsto no art. 193.5 do TRLRFL, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.

Proposta

Aprobar a Liquidación do Orzamento do ano 2020 do Grupo consolidado conformado polo Concello de Vigo como entidade Matriz, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, con orzamento limitativo e as Fundacións sectorizadas pola Intervención Xeral da Administración del Estado con orzamento empresarial: MARCO, Fundación Convention Bureau e Fundación FAIMEVI, co detalle das variables que se conteñen na proposta e que serán reproducidas na Resolución.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro, Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O CONCELEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

Delegación por Resolución da Alcaldía do 18 e 26 de xuño de 2019 e da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, texto refundido do 04/09/2020

